

Se queres saber máis:

- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo de ensinanza profesional de réxime especial de música. (DOG 31/10/2007)
- Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensanzas profesionais de réxime especial de música. (DOG 18/08/2008)
- Orde do 8 de febreiro pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 27 de marzo de 2009 pola que se ditan instrucións para as validacións académicas entre as ensanzas profesionais de música e danza e a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e as ensanzas de educación secundaria para as persoas adultas (DOG 7/4/2009)
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.



Vínculos de interese:

Portal educativo da Xunta de Galicia:

<http://edu.xunta.gal/portal/>

Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga

conservatoriomanuelquiroga.gal



**Conservatorio
Profesional de Música
Manuel Quiroga**

Avda. Virxinia Pereira Renda, 4
36004, Pontevedra
Tfno.: 886151545
cmus.pontevedra@edu.xunta.gal
conservatoriomanuelquiroga.gal

Ensinanzas de réxime especial Grao Profesional de Música Curso 2026/2027



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Conservatorio
Profesional de Música
Manuel Quiroga

A finalidade do grao profesional é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Currículo

Os estudos de grao profesional constan de 6 cursos, cada un dos cales ten unha duración dun curso escolar (de setembro a xuño). As materias que se imparten en cada un destes cursos varía segundo a especialidade instrumental e o curso, pero basicamente engloban:

- Materias comúns ás especialidades instrumentais: instrumento, linguaxe musical, harmonía, análise, historia da música, novas tecnoloxías aplicadas á música.
- Materias propias das especialidades instrumentais: música de cámara, orquestra, conxunto, coro, repentización, piano complementario,....
- Materias optativas: introdución ao jazz, improvisación, técnicas de composición, música tradicional galega.
- Itinerarios: interpretación, composición, pedagogía, musicoloxía.

A cualificación negativa en tres ou máis materias impedirá a promoción do alumno/a ao curso superior. A cualificación negativa de dúas materias permitirá a promoción ao curso seguinte.

O límite de permanencia en cada curso de grao medio será de dous anos, non podendo permanecer máis de oito no total do grao.

O Acceso

Para acceder ao grao profesional non será necesario ter superado o grao elemental de música pero é obrigatorio realizar unha proba que constará de:

- Interpretación do instrumento da especialidade á que opte.
- Exercicio para avaliar os coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

Dita proba realizarase **entre o 8 e o 12 de xuño** e só dá dereito a matricularse no curso 2026-2027.

Os aspirantes disporán dun **máximo de dúas convocatorias** para acceder a este curso e outras dúas convocatorias para acceder a outro curso distinto de primeiro.

Prazos de inscrición

Para realizar a proba é necesario realizar unha **inscrición do 7 ao 27 de abril** de 2026. Para facer a dita inscrición terán que presentar, preferentemente por correo electrónico, a seguinte documentación:

- Solicitud cuberta online (na web do centro: www.conservatoriomanuelquiroga.gal)
- Impreso de taxas pagado (taxa de 34 €)
- Copia do DNI ou documento fidedigno de identidade.

Prazas ofertadas

O número de prazas ofertadas por especialidade publicárase na web o 27 de marzo.

Matricula

Superada a proba, e se se obtén praza, realizarase a matrícula. Para iso hai que cubrir o impreso de matrícula, aportar 1 foto tamaño carné e facer o pago das taxas.

Pago das taxas

CONCEPTO	Grao Profesional
Matricula curso completo	232,00 €
Servizos Xerais	13,00 €
Inscrición por 1ª vez	22,00 €

O importe da matrícula será a suma de todos os conceptos anteriores. En anos posteriores só se pagará o curso completo e os servizos xerais. No caso de promocionar con algunha materia pendente deberán sumar o concepto de disciplina solta por cada materia suspensa (51€).

Os alumnos poderán liquidar a totalidade dos prezos públicos no momento de formalizar a matrícula, ou ben fraccionar o pagamento en dous prazos.

Modalidades de matrícula gratuita ou bonificada:

- Por beneficiario de bolsa de estudos.
- Por matrícula de honra.
- Por beneficiario de familia numerosa.
- Funcionarios docentes (agás servizos xerais, inscrición por primeira vez e disciplinas soltas).
- Discapacidade (persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%)
- Vítimas de actos terroristas (así como cónxuxes e fillos).
- Vítimas de violencia de xénero (e os seus fillos).



XORNADAS DE PORTAS ABERTAS: poderás coñecer o noso centro **entre o 20 e o 24 de abril** (máis información próximamente na nosa web)